



En aplicación do previsto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade relativo ó *Proxecto de orde pola que se modifica a Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se regulan os medios de comprobación do valor dos bens inmobles a utilizar, dos previstos no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no ámbito dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como a normativa técnica xeral.*

A competencia para aprobar o proxecto de orde examinado correspóndelle ao conselleiro de Facenda, de acordo co artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia. Segundo o previsto no artigo 16.2º.l) do Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia, aprobado polo Decreto 202/2012, de 18 de outubro, a proposta normativa elaborouse pola dirección da axencia.

A Orde do 28 de decembro de 2015 regula os medios de comprobación do valor dos bens inmobles a utilizar, dos previstos no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como a normativa técnica xeral aplicable. Nela detállanse pormenorizadamente os medios de valoración utilizados pola administración tributaria desta comunidade autónoma, medios que buscan determinar o valor real dos bens obxecto de adquisición, tendo en conta para iso todos aqueles factores que poidan influír no mesmo.

Neste sentido modifícase a Orde do 28 de decembro de 2015 na parte referente ao método de valoración por comparación hipotética, coa finalidade de dotar dun



maior rigor e exactitude, en liña coa última xurisprudencia, as correlacións dos valores de bens para os efectos de homoxeneizar as mostras consideradas como comparables, introducindo dous novos coeficientes que contemplan, respectivamente, o tipo construtivo do edificio segundo as calidades dos distintos estándares e o estado de conservación do inmovible debida a unha posible deficiencia de mantemento básico.

A regulación establecida no proxecto normativo consta dun artigo único con dous apartados, nos que se modifican o artigo 13 e a disposición derradeira primeira da Orde do 28 de decembro de 2015; e unha disposición derradeira de entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 2017.

Esta regulación é adecuada para acadar a súa finalidade e resultan cumpridos os trámites necesarios para a súa aprobación, segundo o establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cumpríronse os seguintes trámites:

- 1.- Resolución de aprobación inicial do proxecto normativo.
- 2.- Publicación na páxina web da Xunta de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto.
- 3.- Publicación no Diario Oficial de Galicia do 13 de decembro de 2016 da Resolución do 5 de decembro, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, pola que se somete a información pública o proxecto de orde.
- 4.- Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.



5.- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda.

En consecuencia e de acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de orde de referencia, por estimar que queda garantida a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

Maria del Socorro Martín Hierro